

Vigo (Faimevi), a *Fundación Axencia Enerxética da Coruña* (FAEPAC) en materia de actuacións encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética nos sectores de servizos públicos e da transformación da enerxía. Obxecto: ampliar a duración do convenio específico do 27 de decembro de 2007 ata o día 31 de outubro de 2007.

Sinatura: 27 de xuño de 2007.

Importe: 0 €.

-Nº:10.

Título: convenio específico de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), a *Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo* (FAIMEVI) e a *Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña* (FAEPAC) para a execución de cursos de condución eficiente de vehículos no marco do Plan de acción da estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2005-2007 (4) correspondentes ao exercicio 2007.

Obxecto: a execución de cursos de condución eficiente de vehículos turismos, nos cales se formarán 823 condutores.

Sinatura: 5 de xullo de 2007.

Importe: 70.000€.

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 14 de novembro de 2007 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras para a convocatoria en 2007 de premios a proxectos empresariais de colaboración entre empresarios galegos e de orixe galega no exterior.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 26 de outubro de 2007, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras para a convocatoria en 2007 de premios a proxectos empresariais de colaboración entre empresarios galegos e de orixe galega no exterior.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

### RESOLVO:

Primeiro.-Publicar as bases reguladoras do Igape para a convocatoria en 2007 de premios a proxectos empresariais de colaboración entre empresarios galegos e de orixe galega no exterior, as cales se anexan a esta resolución.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2007.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Bases reguladoras para a convocatoria en 2007 de premios a proxectos empresariais de colaboración entre empresarios galegos e de orixe galega no exterior.

Co obxectivo de facilitar a cooperación, os negocios ou as alianzas entre empresarios e profesionais galegos ou de orixe galega, independentemente do país ou continente en que se atopan, o Igape puxo en marcha, en xuño de 2006, a rede mundial de empresarios e profesionais de orixe galega, mediante a creación do portal web [www.rede.galiciaexterior.es](http://www.rede.galiciaexterior.es).

Os negocios unidos á cultura e á solidariedade poden contribuír a manter no tempo a identidade interxeracional entre os galegos e así acadar unha dimensión internacional que por separado non é posible. Deste xeito poderán obter beneficios mutuos establecendo relacións de coñecemento e colaboración.

A rede deberá ser enriquecida e dinamizada desde as asociacións de empresarios e entidades en Galicia e no exterior, polo que esta iniciativa debe e pode ir seguida por outras iniciativas e canles para a concreción de investimentos e negocios.

Atendendo a estes fins, mediante estas bases regúlase a convocatoria de premios a proxectos empresariais de colaboración entre empresarios galegos e de orixe galega no exterior.

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto destas bases é o establecemento dos termos e condicións para a convocatoria en 2007 dos premios a proxectos empresariais de colaboración entre empresarios galegos e de orixe galega no exterior, aos cales poderán optar proxectos presentados por asociacións ou de forma individual.

Artigo 2º.-Destinatarios.

Poderán optar aos premios:

-Na categoría de premio a asociacións: asociacións de empresarios galegos ou de orixe galega no exterior.

-Na categoría de premio a proxectos individuais: empresas/empresarios galegos ou de orixe galega no exterior.

Artigo 3º.-Categorías e dotacións.

1. Premio a asociacións: comprenderán aquelas iniciativas promovidas polas asociacións de oportunidade de negocio e proxectos de ámbito internacional, e referidas a actividades concretas susceptibles de participación mixta de empresarios de Galicia e do exterior de orixe galega.

Esta categoría estará dotada cun primeiro premio de 6.000 € e un segundo premio de 3.000 €.

En caso de que dúas ou máis asociacións presenten a mesma iniciativa de negocio ou proxecto, poderán compartir o premio.

2. Premio a proxectos individuais: que impliquen a participación de polo menos un empresario de Galicia e outro do exterior de orixe galega.

Nesta categoría haberá dous tipos de premios:

a) Un premio a proxectos xa materializados cunha antigüidade máxima de tres anos, cuxa dotación será de 3.000 €.

b) Un premio a proxectos que se van implantar, cuxa dotación será de 1.000 €.

Os proxectos de cooperación empresarial deben incidir na internacionalización das empresas e supoñer beneficios mutuos para os participantes establecendo relacións empresariais de coñecemento e colaboración.

Os premios aboaranse con cargo ás seguintes partidas orzamentarias do Igape para o ano 2008 cun crédito total de 13.000 €.

01.04 - E3/30/01-6518000 - A familias e institucións sen fin de lucro (9.000 €).

01.04 - E3/30/01-6517000 - A empresas privadas (4.000 €).

Artigo 4º.-Presentación das solicitudes.

O prazo de presentación dos proxectos para ambas as categorías é ata o 31 de decembro de 2007. As solicitudes presentaranse na sede central do Igape sita no complexo administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os proxectos presentados fóra de prazo non serán tidos en conta polo xurado.

Artigo 5º.-Documentación que se deberá presentar.

Coa súa solicitude os candidatos deberán presentar:

Premio a asociacións:

-Impreso de solicitude (segundo o modelo adxunto, anexo I).

-Estudo razoado da oportunidade de negocio e da cooperación interempresarial.

-Declaración xurada de que cumpre os requisitos da convocatoria e da veracidade dos datos achegados da empresa.

-Declaración expresa doutras axudas (segundo o modelo adxunto, anexo III).

Premios a proxectos individuais xa materializados:

-Impreso de solicitude (segundo o modelo adxunto, anexo I).

-Memoria da empresa na cal se acredite o éxito do negocio e a evolución do emprego, e onde se identifiquen os empresarios galegos e/ou de orixe galega participantes accionarialmente no proxecto.

-Balance e conta de resultados do exercicio en que se presente a solicitude e anteriores desde a súa materialización.

-Declaración xurada de que cumpre os requisitos da convocatoria e da veracidade dos datos achegados da empresa.

-Declaración expresa doutras axudas (segundo o modelo adxunto, anexo III).

Premio proxectos individuais que se van implantar:

-Impreso de solicitude (segundo o modelo adxunto, anexo I).

-Memoria cos contidos que se detallan no anexo (contido básico do proxecto que se vai implantar, anexo II).

-Declaración xurada de que cumpre os requisitos da convocatoria e da veracidade dos datos dos promotor/es do proxecto.

-Declaración expresa doutras axudas (segundo o modelo adxunto, anexo III).

Os candidatos propostos a premio polo xurado, con carácter previo ao seu aboamento, deberán acreditar a súa identidade e a condición de estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, e para estes efectos deberán presentar:

-No caso de asociacións: acta fundacional ou de constitución.

-No caso de empresas: escritura de constitución.

-No caso de persoas físicas: documento nacional de identidade.

Artigo 6º.-Criterios de selección.

Na categoría de premio a asociacións:

-Grao de definición, concreción, análise e madurez da proposta da iniciativa de negocio.

-Complementariedade cos intereses económicos de Galicia no exterior.

Na categoría de premio a proxectos individuais:

-Proxectos xa materializados:

\* Valoración do éxito do proxecto.

\* Número de empresarios galegos e/ou de orixe galega participantes accionarialmente no proxecto.

-Proxectos que se van implantar:

\* Grao de definición e concreción do proxecto.

\* Incorporación de elementos de innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

\* Volume de emprego proxectado.

Artigo 7º.-Xurado.

A selección será realizada por un xurado constituído por:

-Presidente: a persoa titular da Dirección da Área de Promoción, Innovación e Información do Igape.

-Vogais: catro vogais designados polo presidente de entre as asociacións empresariais de Galicia e as asociacións de empresarios de orixe galega no exterior.

-Secretario: a persoa titular da Subdirección da Área de Internacionalización do Igape, que actuará con voz pero sen voto.

Os vogais absteranse de voto nos proxectos presentados pola súa asociación ou por empresarios ou emprendedores do seu país.

Artigo 8º.-Resolución.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proxectos, o xurado deliberará sobre as candidaturas presentadas e a súa decisión adoptárase por maioría simple, dirimindo o voto de calidade do presidente no caso de empate. Os seus acordos serán inapelables. O xurado reserva para si o dereito a declarar deserto o premio no caso de que os proxectos non reúnan as condicións necesarias para seren premiados.

O xurado trasladaralle a súa proposta á Dirección Xeral do Igape, que ditará resolución que porá fin á vía administrativa e será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 9º.-Entrega dos premios.

Os premios, unha vez resoltos, prevese que serán entregados en acto público durante o encontro de empresarios de orixe galega no exterior, que terá lugar en Santiago de Compostela do 21 ao 25 de xaneiro 2008.

Artigo 10º.-Difusión das propostas.

Os candidatos aceptan que os datos facilitados en relación aos proxectos que se van implantar e ás oportunidades de negocio que se presentan a estes premios poidan ser obxecto de difusión polo Igape a través da web [www.rede.galiciaexterior.es](http://www.rede.galiciaexterior.es) e/ou á súa presentación no encontro de Empresarios Galegos en Rede.

Artigo 11º.-Recursos.

A convocatoria, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administra-

cións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12º.-Prazo de resolución.

Para os efectos establecidos nos artigos 42.2º e 43.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes será de tres meses desde a data de publicación desta convocatoria. Pasado o devandito prazo sen resolución expresa, as solicitudes presentadas poderán entenderse desestimadas.

Artigo 13º.-Compatibilidade e límite de axuda.

1. A concesión dos premios destas bases queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, á da Unión Europea.

2. Os premios que se concedan ao abeiro destas bases terán a consideración de axuda de *minimis* e cumpriran co establecido no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de *minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro de 2006) e non poderán superar os límites cuantitativos e por actividade establecidos polo dito réxime de *minimis*. Nesos termos, serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada.

Artigo 14º.-Publicación.

1. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o Instituto Galego de Promoción Económica publicará os premios concedidos ao abeiro destas bases no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, [www.igape.es](http://www.igape.es), expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación nos citados medios.

2. De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía publicarán, no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, a relación dos beneficiarios e o importe dos premios concedidos ao abeiro destas bases, e incluírá igualmente os referidos premios e as sancións que, como consecuencia deles, puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E  
FACENDA

ANEXO I



PROCEDEMENTO <b>PREMIOS A PROXECTOS EMPRESARIAIS DE COLABORACIÓN ENTRE EMPRESARIOS GALEGOS E DE ORIXE GALEGA NO EXTERIOR</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>EC635A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO/A SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		CIF	
NOME COMERCIAL		PÁXINA WEB	
PERSOA DE CONTACTO		CARGO	
CORREO ELECTRÓNICO		TELÉFONO MÓBIL	
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO	FAX

## SOLICITUDE PARA

- A) PREMIO A ASOCIACIÓN.
- B) PREMIO A PROXECTOS INDIVIDUAIS.
- PROXECTO XA MATERIALIZADO.
- PROXECTO QUE SE VAI IMPLANTAR.

## TÍTULO DO PROXECTO

- Achégase xunto con esta solicitude a documentación complementaria para a súa participación nos premios a proxectos empresariais de colaboración entre empresarios galegos e de orixe galega no exterior.

Quen subscribe coñece e acepta as condicións xerais destes premios e DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que todos os datos que figuran nesta solicitude son certos, acepta que son necesarios para a tramitación do expediente de referencia, e que a consecución da falsidade dalgún deles dará lugar ás responsabilidades exixibles legalmente.

Así mesmo, AUTORIZA o Igape para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda, e da Seguridade Social, a información a que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe dos premios concedidos ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente os referidos premios e as sancións que, como consecuencia deles, puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

O solicitante AUTORIZA o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario do premio concedido ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas webs oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

O abaixo asinante ACEPTA que os datos que facilite serán empregados exclusivamente polo Igape. Do mesmo xeito coñece e ACEPTA que estes datos sexan incorporados a un ficheiro automatizado debidamente inscrito na Axencia Estatal de Protección de Datos. Poderanse exercer os dereitos de acceso, cancelación ou rectificación e oposición, poñéndose en contacto mediante carta dirixida á sede central deste Instituto en Santiago de Compostela, complexo administrativo de San Lázaro, s/n, CP 15703 A Coruña.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 14 de novembro de 2007 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras para a convocatoria en 2007 de premios a proxectos empresariais de colaboración entre empresarios galegos e de orixe galega no exterior.

SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL E SELO

Lugar e data

, de de 200

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

## NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA  
\_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

DATA DE EFECTOS  
\_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

DATA DE SAÍDA  
\_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_

Director xeral do Igape

## ANEXO II

## Guía de contido básico proxecto que se vai implantar

## 0. Ficha da empresa existente / que se vai crear:

- 0.1. Denominación.
- 0.2. Enderezo social.
- 0.3. Data constitución.
- 0.4. País.
- 0.5. Capital social (importe en euros).
- 0.6. Sector.
- 0.7. Actividade.
- 0.8. Produtos/Servizos.
- 0.9. Socios:

Nome	Importe en euros	%
Total		100 %

- 1. Promotores (breve currículo), formación, experiencia, función dentro do proxecto.
- 2. Obxecto do proxecto, descrición deste.
- 3. Análise de mercado e vantaxes sobre a competencia.
- 4. Descrición do servizo ou do proceso produtivo. Tecnoloxía empregada e comparación coa competencia, orixe da tecnoloxía.
- 5. Produción anual en unidades físicas e monetarias e mercados de destino.
- 6. Cadro de persoal (por categorías e custos totais ano).
- 7. Investimentos.
  - 7.1. Terreos – m<sup>2</sup> – euros.
  - 7.2. Edificios – m<sup>2</sup> – euros.
  - 7.3. Equipos de proceso produtivo – euros.
  - 7.4. Equipos comerciais – euros.
  - 7.5. Equipos oficina – euros.
  - 7.6. Capital circulante ata o ano tres.
  - 7.7. Outros – euros.
- 8. Financiamento.
  - 8.1. Capital accionistas.
  - 8.2. Recursos alleos:
    - 8.2.1. Préstamos a menos dun ano:
      - Importe en euros.
      - Tipo de xuro %.
    - 8.2.2. Préstamos a máis dun ano:
      - Importe en euros.
      - Tipo de xuro %.
    - 8.2.3. Outras fontes de financiamento.
- 9. Previsións económico-financieiras (\*).
  - 9.1. Contas de perdas e ganancias provisionais a cinco anos.
  - 9.2. Previsións de tesouraría a cinco anos.
  - 9.3. Balance provisional a tres anos.
 (\*) para empresas existentes deberán remitirse, ademais, os datos dos exercicios 2005 e 2006.
- 10. Rendibilidade económica.
  - Rendibilidade financeira.
  - Taxa interna de rendemento.
  - Período de retorno de investimentos.
- 11. Análise DAFO.
- 12. Calquera outra consideración do promotor.
- 13. Tipo de colaboración desexada.

Quen asina acepta que os datos que facilite serán utilizados polo Igape para a elaboración dun directorio de proxectos que será publicado na web [www.rede.galiciaexterior.es](http://www.rede.galiciaexterior.es) e/ou a súa presentación no Encontro de Empresarios Galegos en Rede. Da mesma maneira coñece e acepta que sexan incorporados a un ficheiro automatizado debidamente inscrito na Axencia Estatal de Protección de Datos. Poderanse exercer os dereitos de acceso, cancelación ou rectificación e oposición, poñéndose en contacto mediante carta dirixida á sede central do Instituto en Santiago de Compostela; complexo administrativo San Lázaro, s/n, CP 15703 A Coruña.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)

## ANEXO III

## DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona , con DNI nº en nome e representación da entidade con NIF/CIF: **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**Que para a actuación denominada 

esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	<i>ORGANISMO</i>	<i>ANO</i>	<i>DISPOSICIÓN REGULADORA</i>	<i>IMPORTE €</i>
<b>AXUDAS CONCEDIDAS</b>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>AXUDAS SOLICITADAS</b>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>AXUDAS EN RÉXIME DE MINIMIS DOS TRES EXERCICIOS ANTERIORES</b>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para a mesma actuación, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

En , 

(Sinatura e selo da entidade)